

## **CONVOCATORIA XII EDICIÓN DO PROGRAMA VACACIÓNS CON TRABALLO**

Programa de voluntariado internacional para o persoal técnico da  
administración local galega  
Ano 2017

### **1. QUE SON AS VACACIÓNS CON TRABALLO?**

Vacacións con Traballo é un programa de sensibilización dirixido ao persoal técnico dos Concellos e Deputacións socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, partindo da base de que o *know how* das administración locais é unha das ferramentas máis potentes e específicas do municipalismo que coopera.

O programa Vacacións con Traballo leva funcionando ininterrompidamente desde o ano 2005. Ata hoxe, viaxaron a través do mesmo 40 persoas, que xenerosamente ofreceron o seu mes de vacacións para cooperar, desprazáronse aos países onde o Fondo Galego ten presenza estratéxica, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación e xerando fluxos de coñecemento compartido, ideas e contactos.

Enténdese coma un programa de dobre dirección onde ambas partes aprenden, e onde a implicación das/dos candidatas/os é imprescindible.

### **2. CALES SON OS OBXECTIVOS DO PROGRAMA VACACIÓNS CON TRABALLO?**

- Procurar un intercambio de coñecementos entre profesionais galegas/os e os parceiros do Fondo Galego nos países onde colaboramos.
- Promover un achegamento entre os axentes do poder local galego e os nosos socios no Sur, que poida servir de apoio a presentes e futuros proxectos de cooperación.
- Favorecer un maior e mellor coñecemento da realidade dos países onde cooperamos: a súa situación, as súas dificultades, pero tamén as súas virtudes e potencialidades.
- Apoiar aos nosos parceiros, facilitando respostas técnicas ás súas necesidades.
- Activar fórmulas que permitan dinamizar a cooperación desde os municipios e que consoliden estruturas democráticas promotoras do desenvolvemento.
- Incrementar a implicación, por parte dos organismos públicos, en actividades que estimulen o compromiso solidario, a través da divulgación das experiencias das persoas participantes no programa.

### **3. A QUEN VAI DIRIXIDO?**

Poderá participar calquera persoa que:

- Sexa persoal técnico en activo dos Concellos ou Deputacións socias do Fondo Galego e que cumpra cos requisitos demandados para a praza na que estea interesada en concorrer.

- Teña interese en participar nun programa de voluntariado internacional, ofrecendo o seu tempo e as súas capacidades da man dos nosos parceiros.
- Teña competencias orais e escritas en lingua galega.
- Estea comprometida cos valores solidarios e de respecto e promoción dos Dereitos Humanos.
- Estea disposta a cumprir coas obrigas que se establecen vinculadas á súa praza.

#### 4. CAL É O PAÍS DE DESTINO E QUEN SON OS PARCEIROS?

##### MOZAMBIQUE:

- **Fundação Encontro:** ONGD mozambicana que nace no 2011 para apoiar de forma integral ás comunidades de Boane e Naamacha, incluíndo aspectos relacionados cos medios de vida e desenvolvemento de servizos básicos nas áreas de saúde e educación.
- **Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos (ANAMM):** Entidade que traballa na promoción, defensa, valorización e representación local dos 33 municipios mozambicanos. Dentro desta atópase a Rede Mozambicana de Mulleres Autarcas, que fai fincapé na promoción e inserción das mulleres na política municipal.

#### 5. CALES SON AS PRAZAS OFERTADAS E AS SÚAS FUNCÍONS ?

##### MOZAMBIQUE - FUNDAÇÃO ENCONTRO

PERFIL	
NOME DO PERFIL	Traballador/a social
FORMACIÓN/COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao en Traballo Social</li> <li>• Especialización en infancia e/ou con persoas en situación de vulnerabilidade</li> <li>• Dominio do galego falado e escrito</li> </ul>
FORMACIÓN/COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en cooperación ao desenvolvemento</li> <li>• Dominio da lingua portuguesa, a nivel falado e escrito.</li> </ul>
FUNCÍONS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abordar, analizar e avaliar, xunto co persoal da Fundação Encontro, as necesidades das e dos menores orfos e vulnerables atendidos.</li> <li>• Diseñar programa/s e/ou proxecto/s de intervención profesional que aumenten a calidade de vida e o benestar das e dos menores orfos e vulnerables atendidos.</li> <li>• Dar apoio nos rexistros informáticos das</li> </ul>

	<p>consultas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Compartir e socializar co equipo da Fundação Encontro un programa informático simple para o rexistro e control das consultas.</li> </ul>
OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ACADAR CON ESTA COLABORACIÓN	<p>Apoiar e fortalecer a área de Acción Social da Fundação Encontro, directamente vinculada co traballo e atención de menores vulnerables.</p>

### MOZAMBIQUE - ANAMM

PERFIL	
PRAZA	Técnica/o en igualdade de xénero
FORMACIÓN/COMPETENCIAS REQUIRIDAS	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Título Medio, Grao, Licenciatura Universitaria ou equivalente na área social.</li> <li>• Formación especializada en materia de igualdade de xénero.</li> <li>• Dominio do galego falado e escrito.</li> </ul>
FORMACIÓN/COMPETENCIAS VALORABLES	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formación en cooperación ao desenvolvemento.</li> <li>• Dominio da lingua portuguesa, a nivel falado e escrito.</li> </ul>
FUNCIÓNS A DESENVOLVER	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Capacitación de sectores sociais municipais.</li> <li>• Elaboración dun guión ou plan de traballo dos sectores sociais da municipalidade, demostrando como cuestións transversais coma o xénero poden ser abordadas na planificación municipal.</li> <li>• Asesoramento para a dinamización da Rede de Mulleres Autarcas de Mozambique.</li> <li>• Deseño e/ou implementación de actividades a prol da igualdade de xénero.</li> </ul>
OBXECTIVO QUE SE PRETENDE ACADAR CON ESTA COLABORACIÓN	<p>Apoiar a implementación de políticas de xénero nos municipios e fortalecer a Rede de Mulleres Autarcas de Mozambique.</p>

### 6. CALES SON AS CARACTERÍSTICAS DAS MISIÓNS?

O programa divídese en tres etapas: antes, durante e despois da viaxe.

#### Antes:

- As persoas seleccionadas participarán nunha **xornada de formación** básica sobre cooperación ao desenvolvemento e sobre a figura do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Esta formación ten carácter obrigatorio.
- Asinarse o **contrato de voluntariado**, no que quedarán reflectidos os dereitos e obrigas de cada voluntaria/o.

- Comezará o **traballo voluntario previo á viaxe**, coa posta en contacto co noso parceiro local a través do correo electrónico e xuntanzas vía skype (na medida en que sexa posible) nas que tamén participará a secretaría técnica do Fondo Galego para asesorar na evolución do traballo.

**Durante:**

- A **viaxe** a terro terá lugar no segundo semestre do 2016, segundo as datas acordadas entre o parceiro local e a/s persoa/s que viaxen. Terá como máximo **un mes de duración**.
- Seguirase a **programación** de traballo establecida.
- Elaborarase un **blog da experiencia**. O blog será actualizado como mínimo dúas veces á semana. Neste blog, ademais de facer referencia á experiencia profesional será importante reflectir tamén outras impresións e aprendizaxes sobre a cultura e o país no que se está compartindo a experiencia.
- Manterase **contacto semanal** coa secretaría técnica do Fondo Galego para informar sobre a súa estada e ofrecer información relevante, se a houbera.

**Despois:**

- Elaboración da **memoria** da actividade no mes posterior a súa chegada. Esta memoria será incorporada no Caderno de Vacacións con Traballo XII edición. As e os participantes recibirán información suficiente para a súa redacción.
- Redacción dun **informe técnico** sobre o traballo realizado, en base ao formulario establecido polo Fondo Galego.
- Responder á **enquisa de avaliación**.
- Dar a coñecer as súas vivencias a través dunha **actividade de sensibilización en Galicia**, que será acordada entre as partes, e respondendo á prensa para divulgar a súa experiencia e o traballo do Fondo Galego.
- Participar nunha **reunión coa secretaría técnica** do Fondo Galego para socializar a experiencia e poñer en común as aprendizaxes adquiridas.

## **8. CALES SON AS OBRIGAS DE CADA UNHA DAS PARTES?**

As obrigas do Fondo Galego e dos parceiros locais quedarán reflectidas nun convenio de colaboración que se asinará entre as partes. As obrigas das persoas voluntarias que viaxen co programa quedarán reflectidas no contrato de voluntariado que terán que asinar antes de que inicien o seu traballo. Resumidamente, son as seguintes:

**FONDO GALEGO:**

- Cubrir os gastos da viaxe, seguro da viaxe, visado e vacinas, traslados internos, manutención e calquera outro gasto ocasional relacionado coa estada voluntaria.
- Orientar ás persoas voluntarias no desempeño das súas funcións e sobre aspectos xerais.

- Velar pola seguridade e adaptación das persoas voluntarias, asegurando a súa tranquilidade, co ánimo de que poidan desenvolver correctamente o seu traballo.

#### PARCEIRO LOCAL:

- Cubrir os gastos de aloxamento.
- Velar pola seguridade das persoas voluntarias.
- Integrar ás e aos voluntarios no equipo de traballo correspondente, dando o asesoramento e o acompañamento necesario, brindando toda información e colaboración requirida para o bo desenvolvemento das súas funcións.
- Axudar ás persoas voluntarias naquelas dificultades que atopen, ben no desenvolvemento das súas funcións, ben na adaptación ao entorno.
- Prover do material preciso para o desenvolvemento do traballo voluntario, como material de oficina, disposición de ordenador, internet, etc.

#### VOLUNTARIA/O:

- Dedicar ás súas funcións o tempo requirido, cumprindo co programa estipulado e tarefas encomendadas.
- Actuar con dilixencia e respecto cara o parceiro e poboación local.
- Seguir as medidas de seguridade indicadas e as recomendacións do parceiro local e do Fondo Galego.
- Cumprir coa redacción do blog, elaboración da memoria final e informe técnico e participación nunha actividade de sensibilización á súa volta.

### **7. COMO É O PROCESO DE SELECCIÓN?**

As candidaturas presentadas serán avaliadas pola Comisión Executiva do Fondo Galego, tras un proceso de selección baseado na adecuación do seu perfil profesional ao perfil demandado polo parceiro local, que é establecido en función das súas necesidades, así coma os anos de experiencia.

Ademais, valorarase positivamente a formación e vinculación co mundo da cooperación ao desenvolvemento, participar na Rede Municipalista Solidaria como técnica/o e ter participado noutras accións ou programas de voluntariado en países do Sur ou en Galicia.

Na resolución do programa Vacacións con Traballo XII edición, que terá lugar antes do 30 de maio, nomearase a unha persoa titular e suplente por cada unha das prazas, por se a persoa seleccionada finalmente non puidese ou rexeitase participar.

As persoas seleccionadas serán informadas á maior brevidade posible, antes de facelo público a través da páxina web do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. O resto das persoas participantes tamén serán informadas da resolución a través do correo electrónico.

## 9. CANDO E COMO PRESENTAR AS SOLICITUDES?

O prazo de presentación das solicitudes estará aberto do 3 de abril ao 10 de maio. As solicitudes deberán presentarse a través do correo electrónico no seguinte enderezo: [comunicacion@fondogalego.org](mailto:comunicacion@fondogalego.org).

A SOLICITUDE debe conter:

- Modelo de solicitude (pódese descargar na páxina web do Fondo Galego)
- Currículum Vitae
- Carta de motivación
- Carta de apoio/consentimento da/do representante política/o do Fondo Galego na súa entidade
- Calquera outro documento que se considere de interese para a valoración da candidatura

As/os candidatas/os poderán ser chamadas/os a unha entrevista persoal.